

23 de abril de 2015



<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog>

Día Mundial do Libro

Agradecemos a María Solar o seu texto, *"O libro que tes ao lado"*, un agasallo para as Bibliotecas Escolares de Galicia no Día Mundial do Libro e dos Dereitos de Autor/2015



O libro que tes ao lado

O capitán Nemo non era home de amores, pero algo novo abroiou nel cando Morgana chegou. Había anos que xa non pilotaba o Nautilus, ultimamente prestárallo ao Principiño para ir explorar novos planetas no fondo dos mares. O Principiño tiña facilidade para atopar planetas nos sitios máis insospitados. Só puxo dúas condicións: que devolvera o submarino co depósito cheo, e que lle quixera. Ás naves hai que querelas para gobernalas como é debido.

Agora nada sabía do seu destino, pero chegaran noticias pola Sereiña de que librara ben do pirata Barbanegra. Nemo vivía tranquilo naquel andel dunha biblioteca con Morgana ao seu carón.

Ás veces o destino está no libro que tes ao lado. Só tes que abrilo e gozar.

María Solar